


LÁPIS AO CENTRO





O profesor dá a cada equipo unha folla con tantas preguntas ou exercicios sobre o tema que traballan na clase como membros ten o equipo de base (xeralmente catro). Cada estudante debe facerse cargo dunha pregunta ou exercicio:

O primeiro participante le en voz alta e debe ser o primeiro que opina sobre como responder á pregunta ou facer o exercicio.

A continuación pregunta a opinión de todos os seus compañeiros ou compañeiras de equipo, seguindo unha orde determinada (por exemplo, a dirección das agullas do reloxo), asegurándose de que todos os seus compañeiros aportan información e expresan a súa opinión

A partir das distintas opinións, discuten e entre todos deciden a resposta adecuada.

E, finalmente, comproba que todos entenden a resposta ou o exercicio tal como decidiron entre todos e saberán anotala no seu caderno). O proceso continua co resto das preguntas



Mentres cada un expresa a súa opinión e entre todos deciden como se fai, os lápis de todos colócanse no centro da mesa para indicar que naqueles momentos só se pode falar e escoitar e non se pode escribir. Cando todos teñen claro o que hai que facer ou responder, cada un colle o seu lápis e anota a resposta. Neste momento, non se pode falar, só escribir.



**O XOGO DAS
PALABRAS**






O profesor escribe na pizarra algunhas palabras-chave sobre o tema que están traballando ou xa remataron de traballar. En cada un dos equipos de base os estudantes deben escribir unha frase con estas palabras cada un a partir dunha das palabras chave-, ou expresar a idea que hai "de trás" destas palabras.

Para que sexan fácilmente manipulables, escriben a frase sobre un papel dun tamaño pequeno (unha terceira ou unha cuarta parte dun folio)

A continuación, seguindo unha orde determinada, cada estudante mostra a frase que escribiu aos seus compañeiros e compañeiras, para que a corrixan, a maticen e a completen e, dalgún xeito, a fagan súa e xa sexa unha frase colectiva, de todo o equipo, non do alumn@ que a escribiu en primeiro lugar.



Si hai máis de catro palabras-chave, realízanse as quendas que sexan necesarias, segundo o mesmo procedemento, ata ter unha frase, debidamente supervisada por todo o equipo, para cada unha das palabras-chave. Despois ordénanse as frases sobre a mesa segundo un criterio lóxico, compoñendo unha especie de esquema-resumo ou mapa conceptual do tema.





No momento de ler un texto, por exemplo, a introdución dunha unidade didáctica. pódese facer de forma compartida, . Un membro do equipo le o primeiro párrafo. Os demais deben estar moi atentos, posto que o alumn@ vén a continuación (seguindo, por exemplo, o sentido das agullas do reloxo), despois de que o seu compañeiro lea o primeiro párrafo, deberá explicar o que este acaba de ler, ou deberá facer un resumo, e os outros dous deben dicir si é correcto ou non, si están ou non de acordo co que dixo esa persoa

A continuación este mesmo alumno ou alumna le o seguinte párrafo e seguemos exactamente o mesmo procedemento que co primeiro

E así sucesivamente ata que rematen de ler todo o texto



En lugar dun texto escrito os alumnos poden comentar por fragmentos unha presentación en video, unha serie de diapositivas ou de fotografías, debuxos... Segundo unha determinada orde, cada participante resume o que viu ou comenta o que para el significa a fotografía, a lámina ou o debuxo, e os demais preguntan, matizan, ou amplían.

**PARADA TRES
MINUTOS**





É unha forma de regular e de estruturar a actividade máis ampla que o grupo está a facer nun momento dado, de modo que se facilite a interacción entre os estudantes e a súa participación na mesma.

Cando o profesor está dando unha explicación a todo o grupo, xeralmente hai pouca participación ou sempre participan os mesmos alumnos .

En lugar disto, o profesor interrompe a súa explicación e establece unha breve parada para que cada equipo de base pense e reflexione sobre o que lles explicou ata aquel momento, e pense dous ou tres preguntas ou dous ou tres dúbidas ou aspectos que non quedaron suficientemente claros sobre o tema en cuestión. Unha vez transcorridos estes tres minutos o portavoz de cada equipo suscita unha pregunta ou dúbida –das tres que pensaron–, unha por equipo en cada rolda. Si unha pregunta –ou outra moi parecida– xa foi suscitada por outro equipo, sáltanlla



Esta “parada” pode facerse tamén no transcurso ou ao remate doutras actividades (visionado dun video, realización de exercicios prácticos sobre un determinado procedemento, visita a un museo...)